

PLATAFORMA GALEGA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

COMUNICADO DE PRENSA

A Plataforma Galega inicia unha campaña para promover a matrícula nos centros públicos

Co lema “Faite do ensino público” chaman a apostar pola rede pública como mellor ferramenta de equidade e cohesión social.

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público inicia unha campaña social de fomento das matriculacións nos centros educativos públicos do país coincidindo co período ordinario de novas matrículas, que correrá entre o **1 e o 20 do mes de marzo**. A campaña, baixo o lema **“FAITE DO ENSINO PÚBLICO”** centrarase nos propios centros educativos, nas ANPAs e no tecido asociativo do país. A Plataforma chama igualmente aos concellos a sensibilizar a pais e nais das vantaxes que ofrece o ensino público e a promover un ensino público e de calidade, ao tempo que critica que a propia Xunta de Galiza non execute ningunha campaña neste sentido cando estamos a falar de centros de titularidade da propia administración autonómica.

As diferentes organizacións que conforman a Plataforma defenden que se aposte pola escolarización en centros públicos e lamentan que no debate para modificar a LOE que tivo lugar no Consello Escolar do Estado non saísen adiante propostas conducentes a reducir os concertos educativos, apostando decididamente pola rede pública, que debe ser única e universal.

O ensino público galego escolariza no presente curso escolar ao 70% do total do alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria, fronte a un 28% dos centros concertados e un 2% de centros privados sen concerto. Estas cifras son similares no caso da ESO (79-27-3) e no caso do Bacharelato son do 82% na rede pública e un 18% na rede privada. Estas porcentaxes, con lixeiras variacións, mantéñense desde hai máis dunha década malia que se teña producido un incremento importante de unidades concertadas en centros privados e unha redución de aulas públicas.

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público amosa a súa preocupación pola deriva ultraliberal que se está a dar en comunidades autónomas gobernadas polo PP, nas que se está a financiar con fondos públicos o Bacharelato (Madrid) ou se pretende comezar a facelo, como figura no acordo de goberno da troika reaccionaria en Andalucía. A Plataforma renova a súa aposta pola eliminación dos concertos educativos nos centros que segregan o seu alumnado polo seu sexo e chama a estender a rede pública para poder reducir progresivamente o importante.

Compostela, 25 de febreiro de 2019